




1 O ISLAM E AL-ANDALUS

Palacio de Comares e patio dos Arraiáns (Alhambra, Granada)

Actividades autocorrectivas en www.vicensivivessdigital.com/actividadesweb

AL-ANDALUS

EMIRATO DE CORDOBA	REINO DE TAIFAS	REINO NAZARITA DE GRANADA
622: Nacemento de Mahoma 632: Inicio da expansión do Islam 661: Inicio do Emirato de Damasco 711: Batalla de Guadalete 756: Inicio do Emirato de Córdoba 1031: Chegada dos almorávides 1094: Chegada dos almohades 1492: Conquista de Granada por Reis Católicos	711: Batalla de Guadalete 756: Inicio do Emirato de Córdoba 1031: Chegada dos almorávides 1094: Chegada dos almohades	1492: Conquista de Granada por Reis Católicos

AVANCE PROGRESIVO DOS REINOS CRISTIAIS

O Islam, igual que o xudaísmo e o cristianismo, é unha relixión monoteísta que cre nun Deus único. O profeta Mahoma predicou esta relixión durante o século VII en Arabia. Espallouse por Asia, Norte de África e parte de Europa. Os musulmáns penetraron na Península Ibérica (Al-Andalus) no ano 711 e permaneceron ata 1492. A súa presenza influíu na nosa cultura, arte, costumes, etc.

1. Observa o eixe cronolóxico, indica os feitos deses anos e responde despois a pregunta:

622: 711:

632: 1492:

Como se chamaba o profeta que predicou o Islam?

2. Fíxate agora no eixe cronolóxico anterior e completa o seguinte:

- Coloreas as principais etapas da historia de Al-Andalus.
- Escribe o nome das etapas e dos feitos que faltan.
- En que ano naceu Mahoma?

600-699	700-799	800-899	900-999	1000-1099	1100-1199	1200-1299	1300-1399	1400-1499

570 Nacemento de Mahoma

1.-Observa o eixe cronolóxico ,indica os feitos deses anos e responde despois da preguntas:

..a..622: **HÉXIRA** ,fuxida de Mahoma dende a cidade da MECA (cidade natal) cara á cidade de MEDINA (MAHOMA coma era moi popular e seguíanlle as masas foi considerado unha ameaza polos grupos dirigentes da cidade de MECA ,así que foi perseguido e fuxiu cara con tódolos seus seguidores á cidade da MEDINA NO ANO 622;ALÍ INSTAURA OU CREA UNHA ESPÉCIE DE cidade -estado onde él é a máxima figura relixiosa e política .Tamén é considerado o inicio do CALENDÁRIO MUSULMÁN.

..b..632:comeza a expansión do ISLAM ,dentro dos preceptos do ISLAM (normas) ,temos que existe a **YIHAD** ou GUERRA SANTA (CONQUISTA DE TERRITORIOS E CONVERSIÓN AO ISLAMISMO)

..c..711..batalla de **GUADALETE** : o exército MUSULMÁN derrota ao exército DO REINO VISIGODO na PENÍNSULA IBÉRICA) ;é derrotado o REI RODRIGO,COMEZANDO ASÍ O DOMÍNIO MUSULMÁN NA PENÍNSULA IBÉRICA (AL-ANDALUS)ATA 1492.


..d..1492..o **REINO NAZARITA DE GRANADA** (último reducto musulmán na PENÍNSULA IBÉRICA) é derrotado polos RR.CC.(REIS CATÓLICOS) ,rematando así o dominio musulmán na PENÍNSULA IBÉRICA

2.-Fíxate agora no eixe cronolóxico anterior e completa o seguinte:

..a...completa as etapas da historia de AL-ANDALUS

..b..escribe o nome das etapas e feitos que faltan.

..c..en qué ano naceu MAHOMA?...no ano 570



ETAPAS AL-ANDALUS:

- ① EMIRATO DEPENDENTE DE DAMASCO
- ② EMIRATO INDEPENDENTE DE BAGDAD.
- ③ CALIFATO DE CORDOBA
- ④ REINOS DE TAIFAS
- ⑤ REINO NAZARITA DE GRANADA

1 Mahoma difunde unha nova relixión

- A relixión islámica tivo a súa orixe na península de Arabia, no Oriente Medio. Os seus habitantes, os árabes, dedicábanse á agricultura, á ganadería e ao comercio. Adoraban a moitos deuses e o seu principal centro relixioso era A Meca.
- Mahoma** naceu na Meca. Era un home moi relixioso e, segundo a tradición, o anxo Gabriel apareceu-lle e díxolle que el era o profeta de Alá (Deus en árabe), escollido para predicar unha nova relixión.
- Esta relixión era o **Islam**, baseado no sometemento á vontade divina:
 - O **monoteísmo** é o seu primeiro fundamento: Alá é o Deus único, eterno e todopoderoso. Non pode ser representado en imaxes (tampouco Mahoma).
 - O **Corán** é un libro sagrado e contén as ideas que Alá lle revelou a Mahoma.
 - Non hai sacerdotes, pero si persoas que dirixen a oración (**imáms**) e interpretan os textos do Corán (**ulemas**).
- No ano 622, tivo que abandonar A Meca e refuxiarse na cidade de **Medina**. Este feito coñécese co nome de **Héxira** (fuxida) e marca o inicio da era musulmá do seu calendario.
- Mahoma converteu os habitantes de Medina ao Islam. Á súa morte, no ano 632, a gran maioría dos habitantes de Arabia eran xa **musulmáns**.

Miniaitura que representa a Mahoma co anxo Gabriel na cova de Hira.

Exemplar do Corán do século XII.

1. Quen era Mahoma?

2. Quen é Alá? Que é o Corán?

3. Que é a Héxira?

4. Fixate no esquema do Islam e realiza as seguintes actividades:

- Pinta en cor azul as obrigas e en vermello, as prohibicións.

- Escribe tres obrigas e dúas prohibicións:

Obrigas:

Prohibicións:

O ISLAMISMO

- Creer nun Deus único
- Rezar cinco veces ao día
- Facer xaxún no mes de Ramadán
- Dar esmolas
- Peregrinar á Meca cando menos unha vez na vida

O ISLAM permite poligamia

O ISLAM prohibe

- Tomar bebidas alcohólicas
- Comer carne de porco
- Practicar xogos de azar
- Non ter pudor no vestir

5. Observa as fotografías e responde:

- Por que A Meca e Medina son tan importantes para o Islam?

Na cidade de Medina, os musulmáns construíron un edificio para Mahoma e un lugar de oración: foi a primeira mesquita.

Gran Mesquita da Meca, coa Kaaba no centro do patio, que alberga unha pedra de basalto negro, á que se lle daba culto xa antes de Mahoma.

Para saberes máis sobre a relixión islámica, entra en www.tiching.com/71813

1.-Quen era MAHOMA?:

..foi o profeta de ALÁ,era un home moi relixioso abdicado ao comercio,natural da cidade da MECA na PENÍNSULA ARÁBIGA e abdicado ao comercio de caravanas ,pertencia á tribu dos BEDUINOS


2.-Quen é ALÁ?:

..significa DEUS en árabe,é o deus dos musulmáns

3.-Qué é a HÉXIRA?

..significa FUXIDA(=HUÍDA) ,tivo lugar no ano 622 xa que tivo que abandonar a cidade natal da MECA e refuxiar-se na cidade de MEDINA .

4.-Fíxate no esquema do ISLAM e realiza as seguintes actividades:
 ..a..pinta en cor azul ás OBRIGAS E EN VERMELLO AS PROHIBICIÓNS



..b..escribe tres obrigas e dúas PROHIBICIÓNS:


- ..OBRIGAS:**
- ..1..DAR ESMOLAS.
 - ..2..FACER XAXÚN NO RAMADÁN.
 - ..3..REZAR 5 VECES AO DÍA.

- PROHIBICIÓNS:**
- ..1..COMER CARNE DE PORCO
 - ..2..NON TER PUDOR NO VESTIR
 - ..3..TOMAR BEBIDAS ALCOHÓLICAS

5.-Observa as seguintes fotografías e responde:
 ..por qué as cidades de A MECA e MEDINA son tan importantes para O ISLAM?



Na cidade de Medina, os musulmáns construíron un edificio para Mahoma e un lugar de oración: foi a primeira mesquita.



Gran Mesquita da Meca, coa kaaba no centro do patio, que alberga unha pedra de basalto negro, á que se lle daba culto xa antes de Mahoma.

CIDADE DE MEDINA :

..aquí foi onde fuxiu MAHOMA no ano 622 dende a cidade de A MECA (HÉXIRA)
 ..tamén foi onde se construiu a primeira mesquita

CIDADE DE A MECA :

..foi a **cidade natal de MAHOMA .**
 ..Alí venérase dende tempos inmemoriais a **KAABA** ou pedra negra ,todo musulmán debe ir de peregrinación CARA Á CIDADE DE A MECA polo menos unha vez en vida .

2 A expansión do Islam

- Pouco despois da morte de Mahoma, os musulmáns xa controlaban Exipto, Siria e Iraq. En menos dun século conquistaron Irán, Afganistán, Asia Central, Paquistán, o Norte de África e a Península Ibérica.

- Ata o ano 750, este imperio foi dirixido desde Damasco (Siria) polos califas da familia Omeia. Representaban o máximo poder (político e relixioso), pero delegábanse no visir (primeiro ministro) e mais no emir ou gobernador.

- No ano 750, os Abasís de Bagdad substituíron os Omeias no poder.

- Cando os Abasís perderon forza, algúns territorios, como Al-Andalus, conseguiron a independencia política e relixiosa.

- Cos califas Abasís freouse a expansión militar e foron navegantes e guías de caravanas os que espallaron o Islam por África, Malaisia, Indonesia, Filipinas, China e as estepas asiáticas.

- Os pobos sometidos aos musulmáns podían seguir coa súa propia relixión, pero pagaban tributos.

- Como ser musulmán tiña vantaxes sociais e económicas, gran parte dos habitantes das terras sometidas convertéronse ao Islam.

A EXPANSIÓN DO ISLAM



Un califa con membros da súa corte.



Barco de comerciantes musulmáns.

- Que territorios conquistaron os musulmáns logo da morte de Mahoma?

- Ademais de comerciaren, a que se dedicaban os navegantes e guías de caravana?

- Lembra o texto, observa a imaxe do califa e responde:

- Quen eran os califas?
- Que familia de califas dirixiu o imperio árabe desde Damasco?
- Cal o fixo desde Bagdad?
- En quen delegaban o seu poder?

- Observa o mapa da páxina anterior e completa este mapa da expansión do Islam:



- Pinta, segundo a cor da lenda, o territorio orixinario do Islam.
- Agora fai o mesmo coa área conquistada en Arabia ata a morte de Mahoma.
- Agora colore a territorio islámico a finais do século VIII.
- Repasa as frechas da expansión musulmá segundo a lenda.
- Sinala cun círculo vermello as tres derrotas musulmá que frearon a súa expansión.

Ficha 2 : A EXPANSIÓN DO ISLAM

1.-Qué territorios conquistaron os musulmáns logo da morte de MAHOMA?

..EXIPTO,SIRIA E IRAK ,TODA A PENÍNSULA ARÁBIGA .

2.-Ademais de comerciaren,a qué se dedicaban os navegantes e guías de caravana?

..a espallar a relixión do Islam por territorios coma ÁFRICA,INDONESIA,FILIPINAS,CHINA E AS ESTEPAS ASIÁTICAS

3.-Lembra o texto ,observa a IMAXE do califa e responde:

..a..Quen eran os califas?

..eran o **máximo poder relixioso ,político ,económico e militar do Islam** ,a máxima figura a quen todo o Islam debía obedecer.dirixía o Imperio

..b..qué familia de califas dirixiu o Imperio dende Damasco?

..pois a familia dos **OMEIAS** ,familia a cal pertencía

..c..cal o fixo dende BAGDAD?


..pois a familia dos **ABBASÍS (ABBÁSIDAS)**,esta familia arrebatou o poder aos **OMEIAS** asasinando a tódolos membros da ,mesma exceptuando a ABD -EL RAHMAN ,éste fuxiu e refuxiouse nos territorios de AL-ANDALUS .

..d..en quen delegaban o seu poder?

.. pois nos **EMIRES** (especie de gobernadores que estaban ao fronte de cada EMIRATO(*)) e nos **VISIRES** (ESPÉCIE DE PRIMEIRO MINISTRO)

(*)PARTIMOS DA BASE DE QUE O IMPERIO DIVIDÍASE TERRITORIALMENTE EN EMIRATOS (grandes circunscripciones territoriais)

4.-Observa o mapa da páxina anterior e completa o mapa da expansión do ISLAM:



..a..pinta ,segundo a lenda ,o territorio orixinario do Islam

..b..agora fai o mesmo coa área conquistada en Arabia ata a morte de Mahoma

..c..agora colorea o territorio islámico a finais do século VIII

..d..repasa as frechas da expansión musulmán segundo a lenda

..e..SINALA cun círculo VERMELLO as tres derrotas musulmán que frenaron a súa expansión

Ficha 3:

3 O Islam na Península Ibérica: Al-Andalus

- A comezos do século VIII, os musulmáns conquistaron a **Península Ibérica**. A prolongada presenza do Islam influíu na lingua e máis na cultura da poboación.
- A maioría dos conquistadores eran bérberes norteafricanos, dirixidos por unha minoría árabe. Cruzaron o estreito de Xibraltar e venceron os visigodos na batalla de Guadalete (711).
- Os exércitos islámicos apoderáronse das cidades andaluzas e de Toledo, a capital visigoda. Os xefes árabes, **Tariq** e **Muza**, controlaron case toda a Península en sete anos.
- Algúns nobres e clérigos hispano visigodos e uns pequenos grupos de poboación refuxiáronse na **zona cántabro-asturiana**, que non chegou a ser dominada polos musulmáns.
- Os musulmáns chamáronlle **Al-Andalus** ao territorio peninsular, que pasou a ser unha provincia ou **Emirato dependente** do Califato Omeia de Damasco.
- Cando os Abasíes lle deron morte ao derradeiro califa Omeia, o único supervivente, **Abd al-Rahman I**, refuxiouse en Al-Andalus, independizouse politicamente e proclamouse **emir**.
- O **Emirato independente** foi unha época de grande auge económico e cultural.



Queiros musulmáns representados nas Cantigas de Alfonso X.

A CONQUISTA MUSULMÁ DA PENÍNSULA



SABÍAS QUE...

Os **bérberes** eran tribos nómades dedicadas, especialmente, á gandería. Estas eran orixinarias do Norte de África e convertéranse ao islamismo.

Tariq era un bérber do Norte de África.



1. De onde procedían os musulmáns que conquistaron a Península Ibérica?

2. Quen foi Abd al-Rahman I? Que poderes tiña?

3. Completa este mapa seguindo o da páxina anterior, e responde:

- Pinta de amarelo a zona cántabro-asturiana.
- Colorea con liñas verdes as zonas con pouca presenza musulmá.
- Repasa as rutas da conquista segundo indica a lenda.
- Por que lugar entraron os musulmáns? Que territorio conquistaron primeiro?



- Onde houbo máis resistencia?

- Que territorios da Península Ibérica non foron dominados polos musulmáns?

4. Completa as dúas primeiras etapas do Islam na Península Ibérica:

	1ª etapa	2ª etapa
Nome	A conquista e Emirato dependente	Emirato independente
Datas	711 - 756	756 - 929
Familia no poder		

Para saber máis sobre a conquista musulmá da Península, entra en www.rahgo.com/71822

1.-De onde procedían os musulmáns que conquistaron a Península Ibérica?

..pois a meirande parte da poboación procedía do norte de África (tribus bérberes) =bereberes e unha minoría da península arábiga(=árabes)

2.-Quen foi ABD EL RAHMAN I? Qué poderes tiña?

..foi o único supervivente da familia dos OMEIAS que sobreviviu á matanza protagonizada polos abbasíes ,fuxiu e refuxiouse en AL-ANDALUS ,independizouse políticamente e proclamou-se EMIR

..independizouse políticamente (**emirato independente de BAGDAD**) proclamou-se **EMIR**

3.-Completa este mapa seguindo o da páxina anterior e responde:

..a..pinta de amarelo a zona cántabro-asturiana

..b..colorea con liñas verdes as zonas con pouca presenza musulmana

..c..repasa as rutas da conquista segundo indica a lenda

..d..por qué lugar entraron os musulmáns?.qué territorio conquistaron primeiro?



..e..por qué lugar entraron os musulmans?.Qué territorio conquistaron primeiro?

..entraron polo estreito de Xibraltar dende o norte de Africa

..o territorio que primeiro conquistaron foi a zona de Andalucía e Toledo (capital do reino visigodo)

..f..onde houbo mais resistencia?

..pois no norte peninsular (zona cántabro-asturiana) pois alí refuxiáronse os cristiano-visigodos.

..g..qué territorios da Península ibérica NUNCA FOI DOMINADA POLOS MUSULMÁNS?

..pois a zona cántabro-asturiana

..h..Completa as dúas primeiras etapas do Islam na PENÍNSULA IBÉRICA :

4.-Completa as dúas primeiras etapas do ISLAM NA península Ibérica :

	1ª etapa	2ª etapa
Nome	A conquista e Emirato dependente	Emirato independente
Datas	711 – 756	756 – 929
Familia no poder	OMEIAS	ABBASÍS

Ficha 4 :

4 Do Califato de Córdoba aos reinos de taifas

- No ano 912, o emir Abd al-Rahman III accedeu ao poder. O seu bo goberno permitílle, no ano 929, proclamar a independencia relixiosa e nomearse califa dos crentes de Al-Andalus. O seu poder era absoluto.
- Xurdiu deste xeito o Califato de Córdoba (929-1036), considerado o período de máximo esplendor e estabilidade de Al-Andalus, durante o que se freou a expansión dos reinos cristiáns.
- Mais a partir de 1008 crebrou a unidade do Califato. Altos funcionarios, aristócratas e o exército loitaron polo poder e o territorio de Al-Andalus dividiuse en 25 reinos de taifas.
- Pero as taifas non puideron evitar o avance dos exércitos cristiáns.
- Mais a axuda norteafricana de almorávides e almohades, no século XIII case todas as taifas foron conquistadas polos reinos cristiáns.
- O reino nazarí de Granada foi o único territorio andalusí que sobreviviu. Abrangía Almería, Granada, Málaga e parte de Cádiz.
- A súa gran riqueza e actividade económica fixeron posible a súa supervivencia, xa que o feito de teren moitos recursos económicos permitíalles pagar grandes cantidades de catos aos reis de Castela.

1 Completa os mapas da Península ibérica:


- Pinta de verde o territorio cristián en ambos os dous mapas e repasa en vermello o límite cristián-musulmán.
- Colorea en laranxa as terras do Califato de Córdoba no primeiro mapa.
- Pinta cada unha das taifas cunha cor diferente no segundo mapa.
- Completa o título de cada mapa.



O CALIFATO DE



PRINCIPAIS REINOS DE




1.-Completa os mapas da Península Ibérica :

..a..pinta de verde o territorio Cristián en ambos os dous mapas e repasa en VERMELLO o límite Cristián-musulmán.

..b..colorea en laranxa as terras do Califato de CÓRDOBA no 1º mapa

..c..pinta cada unha das TAIFAS cunha cor diferente no 2º mapa

..d..completa o título de cada mapa:



2.-qué fixo ABD-EL RAHMAN III o acceder ao poder? .Qué lle permitiu o seu bó goberno?

..pois proclamou a INDEPENDENZA relixiosa e nomear-se CALIFA

..pois proclamarse CALIFA (CALIFATO DE CÓRDOBA) e ter a época de maior esplendor en AL-ANDALUS


3.-Fíxate no debuxo da ALHAMBRA DE GRANADA ,LÉ O TEXTO E RESPONDE:

..a..qué tipo de construción é a ALHAMBRA DE GRANADA?

..é palacio e fortaleza dos reis NAZARÍTAS de Granada

..b..cando foi construída?

..durante os séculos 'XIV E XV



5 Economía e sociedade andalusí

- A cidade era o centro da actividade económica no Islam e nos seus mercados (zocos) había todo tipo de produtos.
- A maioría da poboación dedicábase a agricultura. Desenvolveron o **regadio** (pozos, noras, aceas) e introdución **novos cultivos**: arroz, cítricos, cáñamo... Tamén existía unha floreciente artesanía (têxtil, coiro, vidro).
- O comercio era moi activo. Al-Andalus exportaba produtos artesanais e agrícolas e importaba materias primas, ouro, prata e escravos.
- A **poboación musulmá** estaba formada polos seguintes pobos:
 - Os **árabes**. Tiñan o poder político e social e a propiedade da terra.
 - Os **mozárabes**. Eran xentes humildes e adoitaban dedicarse ao pastoreo.
 - Os **muladíes**. Formaban a maioría da poboación, e eran os hispanovisigodos convertidos ao Islam.
- Había **minorías non musulmás**, que pagaban máis impostos e tiñan menos dereitos:
 - Os **mozárabes**. Eran os hispanovisigodos que se mantiñan fieis ao cristianismo. Moitos emigraron a terras cristiás.
 - Os **xudeus**. Dedicábanse á artesanía, ao comercio, á medicina ou á ciencia.



O dinar de ouro e o dirhem de prata circulaban por todas as terras islámicas. Estas moedas facilitaban o comercio internacional.



Miniatura do século XIII que amosa as actividades que se levaban a cabo nun zoco musulmán.


1 Na sociedade islámica, onde se realizaban as actividades económicas máis importantes?

2 Escribe as catro palabras seguintes onde corresponda:

- muladíes
- árabes
- mozárabes
- xudeus

- Dedicábanse ao comercio:
- Tiñan poder:
- Maioría da poboación:
- Cristiáns:

Tema 1: O Islam e Al-Andalus



3 Explica a función destes edificios nunha cidade hispano-musulmá:

- Alcazaba:
- Mesquita:
- Alfonso:
- Alcaria:
- Muralla:
- Baños:
- Sinagoga:

1.-Na sociedade islámica ,onde se realizaban as actividades económicas mais importantes?

..pois na cidade ,nos zocos os intercâmbios comerciais e logo era unha sociedade moi agraria (novos cultivos..,regadio etc)

2.-Escribe ás catro palabras seguintes onde corresponda:

..a..muladíes. ..b..árabes. ..c..mozárabes. ..d..xudeus


..a..dedicábanse ao comercio :xudeus

..b..maioría de poboación:muladíes

..c..tiñan poder:.....árabes

..d..cristiáns:.....mozárabes

3.-Explica a función destes edificios nunha cidade hispano-musulmán:



..a..**alcazaba**.....fortaleza militar onde residía o gobernador ,eran os alcázares ,están nas principais cidades (Segovia, Toledo ...) era unha especie de palacio-fortaleza ,de feito o palacio real de madrid está sobre as ruínas dun alcázar musulmán .

..b..**mesquita**.....edificio relixioso musulmán (tiña un patio e grandes salas de oración orientadas cara a un muro (A QIBLA) ,ÉSTE MURO ESTÁ ORIENTADO AO LESTE (CARA Á MECA)

..c..**alfóndiga**.....lugar destinado á compra-venda de trigo

..d..**alcaría**.....era unha casa de campo destinada á produción agropecuaria ,coma unha gran granxa con grandes terreos de cultivo ,animais etc a ,tamén chámase quinta ,cigarral ,de feito LA ALCARRIA ,rexión de A MANCHA ven de OLCADIA (termo latino) e do árabe ALCARIA .

..e..**muralla**.....construción que consistía nun muro que rodeaba a cidade para a súa defensa

..f..**baños**.....baños públicos ,tamén chamados **HAMMAN** ,era un lugar de purificación do corpo e do espírito ,tiñan vapor e tres temperaturas (quente,templada e fría)

..g..**sinagoga**.....templo xudeu,lugar de oración dos xudeus

Ficha 6:

6 Cultura e arte islámicas


- Do século VIII ao XII a civilización islámica tivo grande importancia. O Islam difundiu unha **mesma lingua**, o **árabe**, e iso permitiu unha doada transmisión cultural e integración.
- Os musulmáns introduciron os **números arábigos**, que procedían da India, e desenvolveron a medicina, a filosofía, a enxeñaría, a farmacia, a astronomía, os sistemas de irrigación (noras, aceas), etc.
- A arte islámica desenvolveu a arquitectura e as artes decorativas. Ao estar prohibido representar imaxes, a escultura e máis a pintura apenas tiveron importancia.
- En **arquitectura** predomina a construción de ladrillo ou tizolo e o uso de **arcos e cúpulas**. A **decoración interior** é moi rica, e utilízanse mármore e mosaicos.
- A **mesquita** é o edificio máis representativo. Tamén construíron importantes palacios, mercados e baños públicos.
- En Al-Andalus, salientan a mesquita de Córdoba, os palacios da Alxafería de Zaragoza e da Alhambra de Granada, así como a Xiralda e a Torre do Ouro en Sevilla.
- En **artes decorativas** salienta a **cerámica**. Tivo tamén gran difusión a **miniatura**, coa que se decoraban os libros.



Representación dunha lección de astronomía.


1 Observa o debuxo e explica coas túas palabras o funcionamento dunha nora árabe:

- 1
- 2
- 3
- 4




UNHA NORA ÁRABE

2 Observa estas tres fotografías de arte islámica:



Arco da mesquita de Córdoba, século X.



Mesquita de Omar, en Xerusalén.



Na arte islámica existe unha gran variedade de arcos.

– Como é a decoración dos edificios? Por que non hai imaxes?

– Cal é o edificio máis representativo? Lembra a función que ten?

3 Debuxa nos recadros correspondentes un arco de ferradura e un lobulado. Explica en que se diferencian:


Arco de ferradura	Arco lobulado

1.-Observa o debuxo e explica coas túas propias palabras o funcionamento dunha nora árabe:



- 1..o movemento do animal (tracción animal) acciona a nora (noría)
- 2..o tambor transmite o movemento
- 3..as casillas de barro recollen a auga do pozo
- 4..a auga do pozo vértese e utilízase na rega

2.-Observa estas tres fotografías de arte islámica:



..a..cómo é a decoración dos edificios?.por qué non hai imaxes?


..é unha decoración moi rica no interior (utiliza mármore, mosaicos e pinturas) pois a calidade dos materiais de construción é moi pobre (ladrillo) e que utiliza materiais pobres coma o xeso (yeso),
 ..non hai imaxes porque existe a prohibición no CORÁN de representación de imaxes sagradas

..b..cal é o edificio mais representativo?lembras a función que ten?

..pois a mesquita, lugar de oración, e culto e tamén de ensino do CORÁN (POLOS ULEMAS); tamén utilízase coma lugar de reunión.

..a oración era dirixida polo **IMÁN**, A FUNCIÓN ERA SOBRE TODO RELIXIOSA

3. Debuxa nos Recadros correspondentes un ARCO DE Ferradura e un LOBULADO .Explica en qué se diferenzan:



Arco de ferradura:

..arco con forma de ferradura ,deriva da arte oriental e foi utilizado polos visigodos,aínda que o islámico é máis pechado no seu interior .

Arco lobulado:

..debuxa unha serie de lóbulos e é máis apuntado dotando de máis altitude ás portadas e portas

..ambos teñen ou están enmarañados nun alfiz ou marco rectangular ,ambos está decorados con ladrillos vidriados,mosaicos etc

